

# ROMA

[Alfonso Cuarón, 2018]

# 496

ESTREA EN NUMAX: 01.03.2019 | V.O.S.E. | +12

*Roma* (2018, 135')

**Dirección:** Alfonso Cuarón

**Guión:** Alfonso Cuarón

**Elenco:** Yalitza Aparicio, Marina de Tavira, Marco Graf, Diego Cortina Autrey, Carlos Peralta, Daniela Demesa, Nancy García García, Verónica García, Latin Lover, Enoc Leñaño, Clementina Guadarrama

**Son:** José Antonio García

**Montaxe:** Alfonso Cuarón, Adam Gough

**Dirección de arte:** Carlos Benassini, Oscar Tello

**Vestuario:** Anna Terrazas

**Música:** Lynn Fainchtein, Gerrit Kinkel, Caleb Townsend

**Fotografía:** Alfonso Cuarón

**Produtoras:** Participant Media, Esperanto Filmoj (México, Estados Unidos)

**Distribuidora:** Netflix España

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.39:1

**Idioma orixinal:** Español, mixteco

## PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2019 (Mellor Dirección, Fotografía, Filme de fala non inglesa), Globos de Ouro 2019 (Mellor Dirección e Filme Estranxeiro), Venecia 2018 (Mellor Filme), BAFTA 2018 (Mellor Filme e Dirección), Goya 2018 (Mellor Filme Latinoamericano)

## FILMOGRAFÍA

*Gravity*, 2013  
*Hijos de los hombres*, 2006  
*Harry Potter y el prisionero de Azkaban*, 2004  
*Y tu mamá también*, 2001  
*Grandes esperanzas*, 1998  
*La princesita*, 1995  
*Solo con tu pareja*, 1991  
*Cuarteto para el fin del tiempo*, 1983 [curtametraxe]

## SINOPSE

Cleo é a moza serventa dunha familia que vive na Colonia Roma, barrio de clase media-alta de Cidade de México. Nesta carta de amor ás mulleres que o criaron, Cuarón inspírase na súa propia infancia para pintar un retrato realista e emotivo dos conflitos domésticos e as xerarquías sociais durante a axitación política da década dos 70.

«Un filme absolutamente maravilloso, un fresco dunha sociedade e un tempo de modestia abrumadoras»

Nando Salvà, EL PERIÓDICO



## «Recrear o ambiente no que me criei é unha experiencia realmente forte»

Entrevista con Alfonso Cuarón  
 Por Ricardo Romani

**Logo de anos emigrado en Estados Unidos, Inglaterra e Italia, decidiu volver a vivir un ano enteiro no seu Distrito Federal. Que atopou?** Encontrei unha cidade transformada, pero que soubo manter a súa identidade. Iso paréceme sorprendente e absolutamente fascinante. Redescubrir pouco a pouco os recantos da miña xuventude sen deixar de atopar motivos de satisfacción foi moi intenso e agradábel. É verdade que algunhas zonas foron cedendo á xentificación, pero menos do que se cre. O valor máis forte é a forza da xente nova, o universo creativo que se respira, o contraste entre a corrupción do sistema de goberno e o entusiasmo das novas xeracións. En Cidade de México pálpase o sentido do posíbel, que é a cualidade máis valiosa para unha gran comunidade.

**Fala de Cidade de México como un lugar ideal. E porén a percepción desde fóra é xeralmente máis negativa.** Non, non estou a dicir que Cidade de México sexa un paraíso. Hai problemas e moitas contradicións e doe recoñecelo. Pero non pode negarse que as cousas están a mudar. México non é Cidade de México, hai moitos méxicos distintos entre si. E

existe, por exemplo, un profundo racismo que separa as clases dominantes das máis humildes que están tristemente integradas polas etnias máis marxinais. Ao mesmo tempo, se aprofundas un pouco, descubres que o Distrito Federal é un dos primeiros lugares do mundo en aprobar o matrimonio gay. Pero os medios falan doutras cousas.

### Como o transformou a experiencia de pasar un ano en Cidade de México?

Levaba fóra desde 1992, teño 56 anos e foi como poñerme fronte a un espello e recoñecer cousas de min que talvez esquecera. E non todas son agradábeis. Hai aspectos da miña cultura dos que me quero liberar. Ao final, porén, o que prevalece é o amor profundo polo meu país, pola cidade que me formou desde o punto de vista creativo e que hoxe está chea de exuberancia contaxiosa. A posibilidade de recrear un ambiente idéntico a aquel no que me criei en Roma é un dos privilexios do cinema. É unha experiencia realmente forte. Quizais comprenda o seu sentido profundo máis adiante.

Publicado en [elpais.com](http://elpais.com)

### Unha carta de amor e desamor

Por Janire Zurbano

Roma produce un sentimento case de profanación da intimidade máis sagrada mentres espiamos a través de delicados movementos de cámara e longos planos secuencia o cotián de Cleo, unha moza indíxena que traballa para unha familia acomodada no México de principios dos

anos 70. Seguímola cando se ergue para espertar os nenos, cando recolle mesas e cumpre tarefas, limpa cacas de can e mira avións no ceo. Todo isto baixo un manto evocador e hiperrealista en branco e negro que nos abstrae, que demostra que a beleza do cinema pode consistir na rutina sen artificios.

Alfonso Cuarón volve a Roma, o barrio onde medrou, no seu filme máis diferente e persoal, unha carta de amor e desamor, por momentos tenra, por momentos crítica, sempre intimista e desgarradora, á súa familia e ao seu país. Faino poñendo o foco sobre o día a día desa criada (sobresaliente traballo da actriz non profesional Yalitza Aparicio) que traballa nun fogar, o seu. Cleo perfílase sutilmente como a erosión sociopolítica de México, como un reflexo do machismo, a división de clases ou o racismo contra os indíxenas. Pero tamén como o amor desinteresado cara a eses nenos que cría como se fosen seus, como a bondade, o perdón e a humildade. Cuarón atopa acougo na violencia, sutileza nun mar revolto a piques de engulir unha vida, esperanza nun tremor de terra. Tamén recolle o retrato dun contexto histórico entre catro paredes. E, de súpeto, asistimos marabillados á poesía visual dunhas sabas tendidas, trememos sobre unha padiola que nos conduce polos corredores dun hospital ateigado. Unha protesta estudantil sorpréndenos nunha tenda namentres os paramilitares abren fogo. Cotiá, sen pretensións, fermosa na súa crueza, crúa no seu acougo. *Roma* é pura verdade, é cinema en maiúsculas.

Publicado en <http://cinemania.elmundo.es>  
 Traducións: Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

*Gravity*, Alfonso Cuarón. Warner [DVD]  
*Hijos de los hombres*, Alfonso Cuarón  
 Universal [DVD]

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



**4€**  
**Faito NUMAX!**  
**Abónatelo agora e ven sempre por**